A PRESIDENTA DO PARLAMENTO DA A BENVIDA A GALICIA AO COMISARIO EUROPEO DE MULTILINGÜISMO

- **Pilar Rojo avoga por facer das linguas un elemento de unión**

Santiago, 23 de abril de 2009.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, reunise esta tarde no seu despacho da Cámara galega co comisario europeo de Multilingüismo, Leonardo Orban, ao que lle deu a benvida ao inicio dunha visita de 24 horas á Comunidade Autónoma.

Rojo Noguera, que estivo acompañada polos portavoces dos tres grupos parlamentarios, agradeceu que a primeira visita de Leonardo Orban tivese como destino o Parlamento de Galicia e desexoulle "moito éxito" para sacar adiante un traballo que considerou "difícil". A presidenta do Parlamento galego tamén avogou por facer das linguas un elemento de unión entre as persoas.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIóN DO PARLAMENTO DE GALICIA